

## A crise revitaliza as adormecidas ANPAS

**As asociacións de nais e pais, tratan de paliar as carencias das escolas e reclaman un mellor ensino para os seus fillos** (extracto adaptado do artigo de EL PAIS, do 6/04/2012)

Organizar comedores e mañanceiros, actividades extraescolares, participar nos consellos escolares, formación para pais, sufragar parte dos gastos de transporte, calefacción, pintado de aulas, compra de mobiliario, etc, estase a converter en algo habitual nas ANPAS.

Cando a crise aperta e os recortes atenazan, os pais máis que nunca vense obrigados a velar pola calidade do ensino dos seus pequenos. Pero..., están dispostos a facelo?

Na práctica o compromiso dos proxenitores – que gábanse de estar pendentes dos deberes cos seus fillos – coa escola, descende a medida que o neno/a crece. A media de afiliación nas anpas en España é do 57,5% (no Vales, dun 33%), a participación nas asembleas é dun 18,3% (no Vales un 5%) e a participación nas xuntas directivas un pírrico 4% (no Vales non chega ao 1%)

Tradicionalmente , en Primaria a implicación nas anpas é maior, pois as actividades extraescolares resultan a miúdo unha “coidadora” práctica, barata e onde ademais aprenden algo. Pero na secundaria aos pais sóelle preocupar unicamente a evolución académica dos seus fillos.

Nas ANPAS, como en todo movemento que representa a moita xente, son poucos os que se meten a facer cousas. É o efecto gorrón: se sei que alguén vai facer o traballo para que me vou meter eu. Pero se algo faia a cousa cambia.

A implicación dos pais no día a día do colexio é fundamental, non só para a boa marcha dos servizos do centro. Tanto, que as posibilidades de éxito escolar do neno/a crecen.: soen aprender máis, pórtanse mellor na aula, faltan menos e dedican máis tempo aos deberes.

( ver artigo completo na edición dixital do periódico )

## Concedido ao Vales Villamarín para o curso 2012-13



A Xunta informou que o Vales Villamarín foi **seleccionado** para incorporarse á rede abalar non curso 2012-2013.



Tipo de portátil Abalar

Isto significa que nun prazo de dous anos chegarán ao Vales, **200 portátiles, con panta-lla táctil** e software educativo, a tódolos alumnos do 3º ciclo (5º e 6º), comezando este próximo curso por todo o alumnado de 5º de primaria.

### 10º Torneo Interaulas. 2012

O pasado 9 de xuño un centenar de rapaces e rapazas do noso colexio participaron nunha xornada de multideporte. Aquí están os gañadores

#### 1º CICLO Feminino

Patricia Campos  
Nerea Bello  
Marieta Sánchez

#### 1º CICLO Masculino

David Vicos  
Nicolás Lage  
Pablo Ferreiro

#### 2º CICLO Feminino

Iria Martínez  
Inés Allegue  
Celia Cernadas

#### 2º CICLO Masculino

Alberto Estévez  
Antón García  
Diego Soto

#### 3º CICLO Feminino

Carmela Vázquez  
Lucía López  
Kemilly Prado

#### 3º CICLO Masculino

Pedro Garea  
Iván Fernández  
Julio A. Serrata

### Fotos exhibición fin de curso. 2012

Nos próximos días colgaremos no noso blog fotos da exhibición de fin de curso. Esperamos que as disfrutes. Boas vacacións!!

Boletín para os pais/nais

xuño 2012

**Axudas comedor**  
martes 19 de xuño, as 16:00  
( ver información no interior)

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

**f**acebook: [anpabrigantium](#)

[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



## Entrega dos cheques de Comedor

(Xaneiro - Xuño ano 2011)

O martes 19 de xuño, en horario de 16:00 a 17:00, procederáse á entrega das axudas que outorga a Xunta de Galicia polo uso do servizo de Comedor correspondente ao período comprendido entre xaneiro e xuño de 2011

Segundo o aprobado na asemblea xeral ordinaria do pasado 29 de maio, terán dereito a estas axudas, tódalas familias usuarias de comedor, cuxo cheque de axuda supere os 10€.

A cantidade resultante dos cheques menores de 10€ quedarán como fondo da ANPA para melloras de comedor. Esta cantidade suma un total de 36€.

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA RETIRAR OS CHEQUES:

- DNI da persoa que solicitou, por escrito, o servizo de comedor e que aparece na relación exposta na porta principal do colexio, ou
- Autorización escrita indicando o nome e DNI, tanto da persoa que vai retirar o cheque, como da persoa que autoriza (solicitante do servizo de comedor)

## QUE FAMILIAS TEÑEN DEREITO A ESTAS AXUDAS?



A relación de familias que teñen dereito a retirar os cheques de comedor, está exposto na porta principal do colexio, na sección correspondente ao Comedor



## ABERTO PRAZO DE RESERVA DE MATRÍCULA DE COMEDOR E MAÑANCEIROS PARA O CURSO 2012-2013

Informamos que do 18 ao 28 de xuño (ambos inclusive) e do 3 ao 7 de setembro (tamén ambos inclusive), haberá que formalizar as inscricións do servizo de Comedor e/ou mañanceiros para o próximo curso 2012-2013.

Para formalizar a inscrición será necesaria a seguinte documentación:

- Folla inscrición servizo comedor e/ou mañanceiros
- Número de conta bancaria cos titulares (xustificante bancario ou fotocopia dalgún recibo)
- Cumprimentar folla inscrición SOCIOS ANPA curso 2012-2013 e xustificante de ingreso bancario.

Os impresos necesarios están dispoñibles na secretaría do Centro e no blog da ANPA Brigantium

## RECOLLIDA DE LIBROS



Cruz Vermella

en colaboración coa  
Cruz Vermella

Se queres **DOAR OS LIBROS DE TEXTO**, que xa non ides necesitar, podes facelo, depositándoos no Colexio (haberá unha zona habilitada no salón de actos), **entre o 25 e o 28 de xuño**, en horario de mañá. Unha vez pasado este período, a xunta directiva entregarallos á Cruz Vermella para que llos faga chegar aos nenos máis desfavorecidos.

Grazas de novo pola vosa colaboración

## ÚLTIMAS NOVAS SOBRE O COLEXIO NOVO



A Xunta de Galicia vén de adjudicar o procedemento negociado para a redacción do proxecto **do novo CEIP de Betanzos** a Estudio Nomiela S.L.P, por importe de **37.760 euros**, e cun prazo de execución de **2 meses**.

O novo colexio supón a creación de quince unidades de infantil. Segundo os prazos manexados na actualidade, está previsto que o centro estea **construído ao longo do curso 2013/2014**.

Dende a ANPA invitamos a reivindicar a todas as familias o compromiso da Xunta de Galicia, de que o colexio ía estar construído para **inicio do curso 2013-2014 e non ao longo do curso**, xa que o grao de masificación é alarmante.